



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FENE

##### Secretaría

*Rectificación da resolución de Alcaldía núm. 51/2024 pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo para a cobertura dunha vacante de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos*

##### ANUNCIO

Mediante Resolución da Alcaldía núm. 83/2024, de data 30.01.2024, aprobouse a rectificación da Resolución da Alcaldía núm. 51/2024, cuxo texto íntegro se cita a continuación:

**“Asunto:** RECTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 51/2024 POLA QUE SE APROBA A LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS CORRESPONDENTE A OEP DO CONCELLO DE FENE DO ANO 2022

**EXPEDIENTE:** 2023/E001/000010; 2023/G003/001400; 2024/G003/000009; 2024/G003/000079

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 20 do 26.01.2024 publicouse a Resolución da Alcaldía núm. 51/2024 do 22.01.2024 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas no proceso selectivo para a cobertura, en quenda libre e mediante persoal funcionario de carreira, dunha praza de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos incluída na OEP do Concello de Fene do ano 2022. A dita resolución designou ao tribunal cualificador do proceso.

De oficio detectouse un erro no texto do decreto, no apelido dun membro do tribunal.

Tendo en conta o anterior, o disposto nas bases xerais terceira e sétima e en uso das atribucións da alcaldía polo art. 21.1.h) da LRBRL, **RESOLVO:**

Rectificar o erro detectado no apartado segundo da Resolución núm. 51/2024 do 22.01.2024, **de xeito que di:**

**“SEGUNDO.-**

(...)

TITULAR: M.<sup>a</sup> Teresa Fernández Alonso, arquitecta da Deputación Provincial da Coruña

(...)”.

**Debe dicir:**

**“SEGUNDO.-**

(...)

TITULAR: M.<sup>a</sup> Teresa Fernández Lorenzo, arquitecta da Deputación Provincial da Coruña

(...)”.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

En Fene, asinado dixitalmente o 01.02.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey